



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa Campaña de Renda 2010

En primeiro lugar a Administración fixo un repaso dos datos da campaña da Renda do 2009 na que o dato máis significativo é o incremento na presentación de borradores e na presentación por internet. Tamén constatan un descenso no uso do programa PADRE. Un dato salientable é que o 43 % dos borradores enviados pola AEAT confírmanse sen correxir.

En cantos as liñas estratéxicas da campaña do 2010, a Administración fai as seguintes observacións:

- * A axuda telemática non se ve reflectida nun descenso de persoas que acuden as oficinas tributarias. O obxectivo é fomentar o autoservizo dos cidadáns.
- * Queren facer un número de referencia do borrador/datos fiscais mediante SMS, sen sinatura electrónica, estando operativo entre o 4 de abril e o 30 de xuño. Este número de referencia xa o enviarían mediante un SMS.
- * Polo que respecta ao programa PADRE, queren reducir as dificultades xeradas pola carga dos datos fiscais, a eliminación de perfiles e facilitar a presentación co número de referencia.
- * Adianto das devolucións a primeira semana de abril.
- * Reducción dos envíos masivos por correo.
- * Uso do número de referencia para poder consultar o borrador/datos fiscais ao través de internet. Para obter este número de referencia só fará falta o NIF, o importe da casilla 698 da declaración da renda de 2009 e o número de teléfono móbil.

En canto ao acordo propiamente dito, non será ata a segunda quincena de xaneiro cando a Administración empece a "negociar".

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

Teléf.: 981 61 68 89 - Ext.: 868 89 / /Fax.: 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM